

## RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE FUNDACIÓNS

**Interesada:** FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR ( CETMAR )

**Procedemento:** inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (PR750A)

**Tipo:** nomeamento da xerencia

**Data de iniciación:** 30 de outubro de 2024

### ANTECEDENTES

- 1 A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR ( CETMAR ) constituíuse en escritura pública outorgada o 12 de xuño de 2001, cunha dotación inicial de 30000 € e está inscrita co número 2001/00015 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Mar. Correspóndelle a esta Consellería o exercicio das funcións de Protectorado en relación con dita Fundación.
- 2 Xunto coa solicitude e o xustificante do abono da taxa administrativa, a Fundación achega a copia auténtica da escritura pública outorgada en Vigo o 30 de outubro de 2024, ante o notario Mónica Alba Castro, co número de protocolo 2408, na que consta o certificado da reunión do padroado do 14 de outubro de 2024, na que se acordou o nomeamento de María Rosa Chapela Pérez como directora-xerente da Fundación.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 O nomeamento e cesamento da xerencia da Fundación está incluído entre os actos suxeitos a inscrición polo Rexistro de Fundacións de Interese Galego, segundo os artigos 54.j) da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego (DOG núm. 242, do 19.12.2006); 21.2 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego (DOG núm. 22, do 02.02.2009); e 21.f) do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego (DOG núm. 22, do 02.02.2009).



- 2 O persoal encargado da sección do Rexistro de Fundacións analizou a documentación presentada e comprobou a súa adecuación á normativa vixente, de conformidade co artigo 27.1 do Decreto 15/2009.

Esta Consellería é competente para resolver esta solicitude consonte o Decreto 50/2021, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Mar (DOG núm. 58, do 26 de marzo) en relación co artigo 7.2.b) do Decreto 15/2009.

De acordo con todo o indicado, PROPOÑO:

Inscribir no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Mar, a escritura pública do acordo de nomeamento de María Rosa Chapela Pérez como directora-xerente da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR ( CETMAR ).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Mar no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Xefa do Servizo Técnico-Xurídico

Rebeca Arijón Gontad

Vº e prace

O conselleiro

Por Delegación Art. 9 Orde 21.02.2022

A secretaria xeral técnica

Marta Barreiro Castro

RESOLVO, de conformidade coa anterior proposta.

Esta resolución notificarase á interesada en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015

